

Editorial

a ofensiva desprotectora e desnormalizadora da lingua galega

En setembro do 2004 o Parlamento galego aprobou por unanimidade o *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* (PXNLG), promovido pola Xunta de Galicia que presidía Manuel Fraga Iribarne e que tiña como vicepresidente a Núñez Feijóo. Nese *Plan* propoñíase en preescolar e en educación infantil unha oferta educativa en galego para os nenos e nenas galegofalantes e establecíase un mínimo dun terzo en lingua galega do horario semanal nos contornos castelanfalantes; e nos outros niveis do ensino obrigatorio establecíase un mínimo dun 50% da docencia en galego. Isto foi o que o Goberno do PSOE e o BNG aplicou no Decreto do ensino

204/2007, de 28 de xuño, que o actual Goberno quere derrogar antes do vindeiro curso académico, seguindo o ronsel de grupos minoritarios que manifestaron a súa oposición a ese Decreto en nome da *liberdade*, que parecen entender como dereito a non falar o galego ou, en todo caso, que teña un papel secundario no ensino. Eses grupos mancharon o termo *normalización*, como se significase agresión aos que non teñen o galego como lingua habitual, e comezaron a falar de imposición do galego e do perigo que corre o castelán en Galiza, sabendo que todo iso son trolas.

O actual Goberno do PP, na liña desas persoas opostas á normalización do galego e para frear a



Manifestación a prol do idioma galego.
17 de maio de 2010.

© PAULA CASTRO




suposta imposición do galego, está a poñer en práctica medidas desprotectoras da lingua propia de Galiza, historicamente marxinada e minorizada. Así, reconverteu as Galescolas do bipartito que escolarizaran milleiros de nenos en vilas e cidades; suprimiu a proba obrigatoria de galego nas oposicións da Función Pública de Galiza; e o 30 de decembro do 2009 deu a coñecer as *Bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* que reducían o galego a un terzo e postulaban unha igualdade entre galego, castelán e inglés, cando se trata de tres linguas moi desiguais que non poden equipararse no ensino. A Xunta de Galicia solicitou informe desas *Bases* á Real Academia Galega e ao Consello da Cultura Galega, que redactaron análises moi críticas, porque o galego pasaba a ter un papel totalmente secundarizado no ensino e porque se aludía á inmersión lingüística como algo pernicioso, cando se trata dun método didáctico de aprendizaxe de linguas simple, eficaz e avalado polo Consello de Europa.

O pasado mes de marzo o Goberno presentou o *Borrador do proxecto do decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza*. Abandónase o reparto dos tres terzos (galego, castelán, inglés), que fora rexeitado pola práctica totalidade de colectivos relacionados co ensino e por moi diversas institucións, para pasar a defender un equilibrio 50-50 das materias en galego e castelán. En realidade non hai tal equilibrio e vai ser moi difícil que no remate do ensino obrigatorio o alumnado acade plena competencia oral e escrita nas dúas linguas oficiais de Galiza, tal como establece o artigo 14 da Lei de Normalización Lingüística que o Parlamento galego aprobou por unanimidade en xuño do 1983.

Na educación infantil, e particularmente a nivel urbano, o galego queda totalmente desprotexido, porque se establece que "o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado", como no decreto do ensino de 1995 que, segundo moitos ensinantes, iso provou a práctica desaparición do galego na maior parte dos centros urbanos. A seguir dise que o profesorado "procurará que o alumnado adquiera de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua

Manifestación do 18 de outubro de 2009, a prol do idioma galego.
Praza da Quintana.





© PAULA CASTRO

Manifestación a prol do idioma galego.
Praza do Obradoiro. 17 de maio de 2010.

oficial de Galiza dentro dos límites da etapa ou ciclo", o que seguramente se realizará cando a "lingua predominante" da aula sexa o galego, pero é ben improbable cando o maioritario sexa o castelán.

Con este anteproxecto por primeira vez na etapa autonómica establécense máximos na distribución horaria para o galego, cando nunca se cumpriron os mínimos dos Decretos de 1995 do Goberno Fraga e do 2007 do Goberno bipartito, á vez que se vai afondar nos prexuízos contra o galego ao transmitir o prexuízo de que non se pode usar o galego en materias do ámbito científico e técnico. Ademais, o papel decisivo que se lles outorga a pais e nais provocará conflitos inexistentes, á parte dos que se poidan producir en centros, sobre todo públicos, que están a superar o mínimo do 50% en galego que permite a lexislación vixente.

As medidas desprotectoras da lingua propia de Galiza que o actual Goberno leva aplicando tanto no ensino como na administración fixo que nacesen diversas plataformas que consideran irrenunciábles a Lei de Normalización de 1983 e o Plan Xeral de Normalización de 2004. A plataforma *Queremos Galego*, que agrupa ducias de

colectivos socioculturais e algún político e sindical, convocou tres grandes manifestacións que levaron ás rúas de Compostela a moitos milleiros de manifestantes. A plataforma apartidaria (pero non apolítica) *ProLingua* presentou a comezos de febreiro en 69 localidades de todo o mundo o libro *55 mentiras sobre a lingua galega*, no que se analizan outros tantos prexuízos dos negacionistas da lingua galega. O papel desas plataformas e doutras como *Cambia Galicia* ou *Galego Patrimonio da Humanidade* seguirá a ser vital no proceso mobilizador para que non se dea ningún paso atrás na defensa do idioma que é o principal signo de identidade do pobo galego e que nos singulariza nesta xeira globalizadora. Porén, cómpre repensar novas tácticas e estratexias normalizadoras para contrarrestar a acción dos grupos negacionistas que, aínda que son socialmente minoritarios, contan con moi forte apoio mediático co que foron capaces de acurrallar a razón e de espallar prexuízos e falacias contra o galego, á vez que buscan condicionar a axenda normalizadora en todos os ámbitos.

A abnegada entrega de tanta xente que desde hai tantos anos loitou arreo para dignificar o uso do galego non pode ser inútil. Sigamos a traballar (e a soñar) con camiñar algún día do Courel a Compostela (e a Fisterra) por un territorio onde a lingua propia de Galiza sexa de uso plenamente normal.



Novoneyra, o último druída




Galicia do silencio calada á forza. Uxío Novoneyra, o poeta do Courel, foi tamén voceiro de todo o país. Os seus poemas e contos infantís non só tiveron difusión en galego, senón que foron tamén traducidos a sete linguas (inglés, xaponés, euskera, francés, gaélico, alemán e castelán). Traballou como xornalista en Madrid pero no ano 1983 decidiu voltar á terra e afincarse en Santiago de Compostela de xeito definitivo, dende onde presidiu a Asociación de Escritores en Lingua Galega, até o seu pasamento, no ano 1999. Entre a súa bibliografía atópanse obras como *Os eidos*, *Poemas caligráficos*, *Tempo de elegía* e *Muller para lonxe*. Os ideais nacionalistas aboian na súa coidada poética, que tamén se comprometeu de xeito perenne coa nosa lingua, servindo de exemplo de loita actual. *A forza do noso amor non pode ser inútil.*

Xoán Carlos Garrido Couceiro

Profesor de filosofía

Asolemnidade coa que recitaba semellaba unha oración, un rito sacro; mais as súas palabras non eran máxicas por extraordinarias e esotéricas senón porque lograba os seus efectos curativos a través da autenticidade. O cal non deixaba de ser un problema para un idioma que pretendía fixar unha norma. Non se pode ter todo. A fidelidade de Uxío Novoneyra á fala provocáballe certos desvíos ortográficos que nunha académica visión reduccionista podía provocar a condena das autoridades normativizadoras. Mais na arte son compatíbeis as regras coa transgresión, ou máis exactamente: as regras son a condición necesaria para que se produza a transgresión. Con todo, esta transgresión ten que ser xustificada. Un non é “rebelde” por facer o que lle peta senón por ter un propósito e estar disposto a pagar o prezo de sufrir as consecuencias de incorrer na vulneración de leis ou preceptos. Facer o que un quere, ás veces non é máis que acomodarse e deixarse arrastrar, aínda que pareza todo o contrario polo exhibicionismo que se manifesta naqueles escándalos permitidos polo poder para lexitimar o seu dominio na súa tolerancia e comprensión. Rebelde con causa, Uxío é levado por razóns de forza maior, mais non desatende todas as demais razóns, por menor que sexa a súa forza. A tensión coa que se enfronta á escrita reflicte as contradicións dunha situación sociocultural anormal nun país informal e alega.



Novoneyra, 1994.



Foto de: Marcelino Vidal García. 25 de xullo, anos 90.

Claro que hai algo de relixioso na poesía de Uxío Novoneyra pois está a tocarlle as mans aos mortos, a invocalos, a retomalos, a prolongalos e a revivilos. Ese *religere*, que inicialmente era a relixión popular que aglutinaba a comunidade nun proxecto igualitario e convivencia en paz cos homes e coa natureza. A lingua permite estar a usar palabras que chegaron a nós de boca en boca de xeracións e cargadas das experiencias que achegaron as vidas que termaron delas. A lingua racha a nosa soidade, salva/*ralva* as distancias cos outros. Mesmo na necesidade sincrónica de fundirse co pobo/*pueblo* co que convivimos hoxe, as palabras deben ser tratadas con gran coidado para non provocar ningún incidente que nos divida ou nos distancie. De aí que un dialectalismo aquí, un xiro medieval alá, e mesmo un castelanismo poida ser empregado para lograr o efecto de facer comparecer nun verso séculos de xeracións anteriores xunto coas diferentes clases populares que conforman o suxeito e obxecto do recital.

Os textos de Novoneyra son escasos e en constante revisión porque militaba na necesaria

teima de ser sintético. Do mesmo xeito que as súas páxinas con grandes espazos en branco, recreaba os silencios elocuentes dos seus recitais tamén as temporadas de ausencias editoriais supuñan unha reafirmación no dito, unha exaltación do escrito, unha revalorización do publicado. Con todo, Novoneyra non facía outra cousa que ser escritor ou máis estritamente: poeta. El falaba de que era máis “dicidor” que “publicador” mais en calquera caso do que se trataba era de exercer de poeta a tempo completo. Lograr dignificar o oficio de escritor nun país como o noso esixía un gran sacrificio de dedicación constante a este labor e de renuncia a tarefas máis “rendíbeis”. E para ser escritor cumpría ser lector? Ser lector é necesario pero tamén un risco. Uxío Novoneyra temía caer nas gadoupas da alleante cultura libresca, claro que lía e relía poetas de todos os recantos do mundo, mais tamén ollaba e escoitaba cada condensación verbal da existencia popular como se estivese a recibir un tesouro, non fose ser que se convertese nun tradutor/traidor da linguaxe no canto de ser canle de expresión do máis profundo do noso ser. E no fondo, non debemos esquecer que non somos só o que queremos ser senón tamén o que fixeron de nós.



Fronte aos que se consideraban modernos por renegar do pasado, Uxío falaba de anovalo, e era quen de atopar nel aquilo que tiña de futuro ou mesmo de eternidade. Claro que experimentaba e coincidía cos últimos acontecementos que se estaban a producir no panorama internacional da poesía, mesmo os anticipaba nalgúns casos. Agora ben, coller a palabra para non dicir nada novo era un luxo que un escritor non se podía permitir. E moitas veces o pasado é o máis novo que nos pode acontecer cando o presente é de renuncia baleira.

Uxío volve sobre os trobadores, mais lembra que non é un exercicio inútil. Volve sobre Rosalía e Pondal, volve sobre os cantares de cego e as cantigas populares (no seu momento en refluxo), en definitiva, volve sobre o futuro. Aquilo que pode facer que este pobo teña futuro. Érguese sobre o chan, non fai castelos no ar, aínda que acredita no soño, e constrúe o seu universo poético como punto de encontro de experiencias múl-

tiples. Non é costumista nin paisaxista, non é panfletario e activista, non é tantas cousas nas que se lle quixo engaiolar, nin sequera aquelas máis ben intencionadas. Porque ao fin un poeta expresa o que sente e salvo que sexa insensíbel ás variadas situacións nas que se atopa a súa poesía acabará reflectindo e facéndose eco do que lle afecta como home dun tempo e dun espazo determinado. Hai quen quixera recluir a Uxío no Courel. Mais quen tivo a ollada atenta capaz de captar e expresar o que a súa Terra tiña que dicir, tamén arrastrou a súa existencia por carreiros que desembocando en Compostela chegaron a rodear a mesma capital do Imperio, onde se dicía que fóra de alí todo era secundario, descentrado, desenfocado e marxinal.

O poder, como un imán atrae ao seu centro todo o que quere triunfar. Mais a medida que alcanza o recoñecemento exterior prodúcese un maior descoñecemento interior até chegar a preguntarse diante do espello quen é o que nos mira desde dentro do noso corpo? Dicíase que para ser alguén había que ir a Madrid e Uxío comprobou alí que podía ser outra cousa que



Novoneyra, 1996.



aquilo que agardaban del, podía ser el mesmo. Mais para iso tiña que construír a súa personalidade cos materiais sedimentados sobre os que se sostén e de onde arrinca a súa existencia.

Ser poeta-pobo, ser o xamán da tribo, é unha gran responsabilidade nun momento de desfeita da comunidade e de individualismo consumista. Mais tamén é certo que quixera ser outra cousa. Estar raptado pola patria é o destino de calquera intelectual neste país. É lamentábel que un creador non poida desfacerse das ataduras á nación porque a situación o colocaría contra as cordas da traizón. É dramático tratar de desfacerse inutilmente da carga de ser máis nacionalista que calquera outra cousa. Mais o caso é que non hai xeito de liberarse dese cativerio aos que somete Galiza aos

seus escritores que lograr emancipar a propia Terra que os secuestra.

Non foi finalmente a xeración de Uxío quen de liberar Galiza aínda que dedicaron as súas vidas a esta tarefa. Con todo, nos seus libros sagrados quedaron moitas das ensinanzas ancestrais que poden dar pulo aos novos para que rematen o labor. Uxío Novoneyra ficou no futuro e a súa lectura tráeo ao presente. Hai que reparar en cada estrofa libre ou rimada, en cada termo elixido e mesmo vogal escolleita, en cada forma do texto e cada sonoridade do contido, e de seguro, a medida en que descifremos o sentido dos seus versos iremos desentrañando o misterio da nosa situación. Botémonos a andar sobre as súas páxinas e lembremos, como el nos di, que non se fai o camiño só para chegar.

Xoán Carlos Garrido Couceiro

GALICIA digo eu ún di GALICIA
 GALICIA decimos todos GALICIA
 hastr'os que calan din GALICIA
 e saben sabemos
 GALICIA da door chora á forza
 GALICIA da tristura triste á forza
 GALICIA do silencio calada á forza
 GALICIA da fame emigrante á forza
 GALICIA vendada cega á forza
 GALICIA tapeada xorda á forza
 GALICIA atrelada queda á forza
 libre pra servir libre pra servir
 libre pra non ser libre pra non ser
 libre pra morrer libre pra morrer
 libre pra fuxir libre pra fuxir
 GALICIA labrega GALICIA nosa
 GALICIA mariñeira GALICIA nosa
 GALICIA obreira GALICIA nosa
 GALICIA irmandiña
 GALICIA viva inda
 recóllote da TERRA estás mui fonda
 recóllote do PUEBLO estás n'il toda
 recóllote da HISTORIA estás borrosa
 recóllote i érgote no verbo enteiro
 no verbo verdadeiro que fala o pueblo
 recóllote pros novos que vein con forza
 pros que inda non marcou a malla d'argola
 pros que saben que ti podes ser outra cousa
 pros que saben que o home pode ser outra cousa
 sabemos que ti podes ser outra cousa
 sabemos que o home pode ser outra cousa

Uxío Novoneyra



cartografía do recordo



Ana de Larriva

Xornalista e colaboradora de Marusía

Un lugar non é só espazo, é tamén tempo. Un cronotopo. É tamén memoria. A lembranza da lembranza dunha lembranza. Por iso cada posto evoca sensacións diferentes a cada persoa. Chegan cheiros, sons, percepcións, rememoracións e recordos de historias contadas. Pero, máis aló diso todo están os feitos. Galicia construíu un mapa lutuoso na represión franquista, con numerosas cruces nas cunetas e ás portas dos cemiterios, pero tamén en prazas maiores e lugares concorridos. A tintura dese plano foi esvaecendo polo paso do tempo, non esquecido, agochado baixo sete chaves porque "non interesa". Cantaba a Quenlla que se rescatamos os feitos, non deixaremos que volvan.

Locía un sol traveso aquela mañá do 20 de xullo de 1936. Vigo agarda despistada informacións sobre a folga xeral que se convocara como cándida protesta obreira ao traizoeiro levantamento das tropas. Ao cárcere vigués, sito na céntrica rúa de Fermín Galán -agora do Príncipe, chega un aviso dende A Coruña, agardado, como detonante para proclamar o bando de guerra, e poder así derrogar o poder legal. Unha masa popular fai de corredor humano ao paso dunha sección de Infantería. Diríxea o capitán Carreró Vergés, que marcha á fronte da comitiva como cabeza visíbel da mesma.

A cidade descoñece o que está a acontecer. Até moitos dos militares son alleos ás verdadeiras razóns da súa ida. A Porta do Sol acolle aos soldados. Alí agarda un importante número de persoas. Cando o oficial empeza a ler o manifesto traidor, algúns espontáneos decátanse da realidade da situación. Sen prever as consecuencias das súas accións, tentan riparlle o bando das

mans e mesmo piden aos soldados que se rebelen e se neguen a participar na sublevación.

Un fragor seco resoa na praza. *Anda jaleo, jaleo y ya empieza el tiroteo.* Unha descarga pechada de fusilaría carga contra o pobo. Úlense a pólvora e máis o horror. Este sentimento de pavor invoca a natureza máis primaria do home. Comezan as carreiras sen dirección, que provocan o aumento das baixas entre os civís. Son eles, os seus corpos febeis, inermes, abertos ante o fogo. O chan queda cuberto dun manto escarlata...

Descubrir a xeografía do país tamén a través da súa historia, recuperando un elemento imprescindible da súa identidade é vital. En Vigo comezouse unha iniciativa pioneira. Un roteiro polos lugares da Memoria ten-





ta loitar contra o desleixo dos que queren agochar os feitos, impulsado pola laboura da Asociación Viguesa pola Memoria do 36. Son case unha quincena os lugares que percorre esta ruta lutoosa. A Porta do Sol é, pois, un dos lugares marcados a lume no mapa da represión viguesa.

Nos muros do cemiterio de Puxeiros tamén hai unha cruz vermella que lembra as 21 persoas (19 homes e dúas mulleres) asasinadas contra as súas pedras, cun covarde tiro na caluga. E houbo sangue inocente verquida tamén na curva anterior a este camposanto, na praia de Fontes, nas Roteas, na Guía...

O silencio cando é inducido, obrigado, imposto, perde o seu significado como acción de absterse de falar, e convértese nunha agresión. Nun furto da voz, nun enmudecemento imposto. Na extirpación dunha parte da esencia. Non só se silencian os feitos. Silénciase a memoria. O único que fica do pasado e nos vencella con quen fomos e co que agora somos.

El era un cativo que perdeu o pai e, con el, a infancia. E impídeselle recordalo. Telmo Comesaña, presidente da Asociación Viguesa pola Memoria do 36, foi, é e será un home loitador, que combate, pero pola paz. Por rescatar os feitos, para que non volvan. Para atopar a paz que a el, e a tantos, e ao propio país lles foron arrapañados. Velaquí un pouco da súa memoria, dos feitos,



O historiador Xuan Carlos Abad, presentou o acto da memoria as portas do cemiterio vigués de Puxeiros.

das palabras que lle foron calados, que enviou baixo a forma de cartas ao director aos dous principais xornais galegos e lle foron censuradas, devoltas e agochadas. Por medo á verdade. E o medo é o xérmolo das paixóns máis baixas, por iso non se debe abonar.

CARTA ABERTA A UN NENO DE DEZ ANOS

Neno querido: eu, que xa son vello e xa que logo outra volta neno, tamén me pregunto "Franco morreu hoxe?". Ti, querido neno, tes un pai a quen lle-lo podes preguntar, aínda que o que che contesta, a min dame medo.

Eu, querido neno, nunca lle-lo puden preguntar o meu, porque el, José Comesaña Pérez foi asasinado o día 6 de outubro do 1936, xuntamente co seu irmán Antonino, o seu curmán Emilio Comesaña e o seu amigo Fernando Costas. Un mes despois asasinaron a Adolfo Monroy e Gildo Andrés.

Querido neno: aquí non houbo guerra; asasinouse aos "ROJOS". Agora mesmo non che podo dicir quen eran os "rojos" porque nin eu mesmo o entendo.

Querido neno: aquí en Alcabre, de seis homes asasinados quedaron cinco mulleres viúvas e vinte orfos. A máis, a dúas fillas dun deles rapáronlles o cabelo. Destrozaron familias. Quedamos aldraxados, sin consolo e sen axudas... e aínda ninguén nos pediu perdón.



Querido neno: teu pai, Ramón Cortegoso, non cho supo explicar, ou non o sabe, ou non o quere saber porque posiblemente forme parte desas familias de paseadores que queren tapar o pasado dos seus devanceiros e dos crimes que cometeron.

Querido neno: explícalle a teu pai e a outros como el, que Franco morreu pero que hai moitos que botan de menos a ditadura, para seguir a pornos tesos aos que non cantamos o “cara al sol”, e aos que quere mos vivir nun país laico e ceibe.

Querido neno: teu pai laia porque en Madrid desmontaron o burro do cabalo; e eu dígoche, que os agasallos son para os homes de ben, e non para os asasinados.

Querido neno: cando sexas máis grandíño eu serei máis neno, ou xa non serei; se aínda son, eiche suxerir que tódolos símbolos feixistas, incluídos os que están pendurados nas paredes das igrexas os leven o “Valle de los caídos” e que o declaren MUSEO DO HORROR da ditadura franquista. Alí, querido neno, está soterrado Franco, máis un tal José Antonio Primo de Rivera; o que nunca che contará teu pai é, que esa obra fíxose con homes escravos, cheos de fame e de miseria, e que moitos deles deixaron alí a súa vida. O delito destes homes era ser demócratas.

Querido neno: agora que sei que existes nunca me esqueceré de ti.

CARTA DE RESPUESTA A UN SEÑOR

Alguén dixo, polas súas obras os coñecerades, e eu engado, e polas súas cartas tamén. Sr., na súa carta acho os tópicos de sempre e algunhas ofensas; quero crer que non o fai con mala intención, senón por ignorancia. Ai frases como (“na guerra mataron uns e mataron outros”, “queren desenterrar os mortos”, “son cousas do pasado que xa están superadas”, e, especialmente, a frase: “a guerra fraticida ninguén a revive se se ten un mínimo de pudor, vergoña, senso da responsabilidade e desexo de reconciliación”). Señor, eu son fillo dun home asasinado, “paseado” o 6 de outubro de 1936. Tiña 26 anos e, con el foronse o seu irmán Antonino, de 32 anos, o seu curmán Emilio e outros máis.

Señor, en Galicia non houbo guerra; cometéronse asasinatos selectivos, empezando polos cargos políticos elixidos democraticamente (alcaldes, concelleiros e parlamentarios), seguindo os mestres, sindicalistas e líderes sociais. É dicir, todos aqueles que tiñan a capacidade de trocar a sociedade corrupta da monarquía totalitaria.

Señor, en Galicia asasinaron a milleiros de persoas; en Vigo 700 dunha poboación de 120.000. Señor, Franco e algúns máis levantáronse contra un réxime legalmente constituído, dando lugar a unha guerra que finalizou o 1 de abril de 1939. Sr., a partir de aí, Franco e os seus colaboradores axudados, xaleados e bendicidos pola Igrexa Católica asasinaron a máis de 150.000 persoas. Sabía vde. que se encheron os cárceres de homes e mulleres por non seren nacional-catolicistas, e que se crearon campos de concentración e de traballos forzados? Ouviu vostede falar das 13 Rosas e das masacres nos cárceres de mulleres levadas a cabo polo psiquiatra Vallejo Nájera? Parou a pensar nos orfos e nos nenos arrincados das súas nais nos cárceres e como tivemos que loitar para sobrevivir? Sabe vostede o que é pasar fame e a dor dunha nai cando un fillo lle dicía “maí, teño fame”?

Señor, vostede que fala de revanchismo, sabe canta xente tivo que exiliarse fuxindo da represión e da morte? Cre vostede que os nosos pais eran menos dignos que os asasinados por ETA?

Sr., os crimes contra a humanidade non prescriben e, quérao ou non vostede, vostedes, e o goberno, os xuízos sumarísimos serán anulados e a ditadura franquista condenada; se non o fai a xustiza española, farao a europea.



CONTESTACIÓN A V. R. M.

Magóame ter que saír a respostar sobre os crimes fascistas de Franco e demais camarilla que participou na mal chamada guerra civil. Teño que facelo porque non podo aturar que V. R.M. publique unha carta titulada "La revancha de la guerra civil". Unha das consignas do xeneral Mola foi: "Tenemos que exterminar a todos los que no piensen como nosotros....". E fixérono.

Sra. V.: eu son fillo de José Comesaña Pérez, asasinado o 6 de outubro do 1936 xunto co seu irmán Antonino e catro homes máis. Non hai 100 anos como vostede despreciativamente suliña. Pode ter por seguro que mentras eu alente seguirei dignificando a memoria de meu pai: falando del, ensinando a súa foto (un home novo, de 26 anos, cheo de vida e ilusionado cun réxime republicano que lle ía permitir educar os fillos nun país laico e libre; e a da súa muller Eusebia, 25 anos, e un fillo de 30 meses e unha filla de 8 meses). Meu pai tiña rostro, e durante moitos anos a cidadanía non sabía del; non estaba nos libros, nin lle daba nome a ningunha rúa porque iso estaba reservado para os verdugos. Hoxendía a fotografía de meu pai está presente en algúns actos de Memoria diante do meu peito e sinto que é el quen fala a través de min. Preto de 6000 asasinados en Galicia onde non houbo guerra nin civil nin incivil; soio houbo crimes contra a humanidade e mesmo parece que a Vd lle reconforta que se siga ocultando ese pasado recente. Os fillos das vítimas, (arredor de 20.000 en Galicia) nunca ímos esquecer, nin os nosos fillos, nin os nosos netos mentras neste país non se faga xustiza. Fíxese señora que pouco pedimos: verdade, xustiza e reparación. As novas xeneracións teñen que saber que os verdugos non poden xuntarse coas vítimas, cada quen ten o seu lugar na historia.

Non se pode esquecer, aínda que persoas como vostede o pretendan, que o levantamento fascista dunha parte dos militares (se fosen todos non había guerra), nin tampouco que se fixo un exterminio: despois do 1 de abril do 1939 inzouse España de campos de concentración con traballos forzados, de xente exiliada, desterrada, fuxida polos montes ou agochada entre muros ou en buracos inmundos e as familias malvivindo e aldraxadas por ser familias de "rojos". A cantas mulleres lles sacaron os fillos! Cantos homes perderon o traballo acusados de "desafectos al régimen"! e cantas mulleres violadas e rapadas!, canta dor! Canta inxustiza e canto terror! Vostede señora pregúntase se aínda existe Franco e se seguimos baixo o réxime franquista. Se vostede non é quen de velo, eu explícollo:

- 1) O xefe do estado foi imposto polo sátrapa, que xurou os "principios fundamentais" e aínda non se disculpou.
- 2) A xustiza segue a ser a mesma; atenda ben: aínda non se anularam os xuízos sumarios. Meu pai foi "paseado" e non tivo xuízo e figura como "indeseable" e os que pasaron por xuízo sumario seguen sendo uns "canallas" e acusados de "rebelión militar" mentres que os verdugos foron premiados con medallas e postos na administración e nas mellores empresas sin importar a calificación. Eran fillos do novo réxime. Decátome señora que Vde. foi da caste dos vencedores e eu pídlle por favor que non nos magoe máis, que nos deixe en paz para que algún día os nosos fillos ou os netos poidan ter paz, xa que a nós seguen feríndonos con comentarios como os que Vde. reflicte. As feridas non pechan se non se curan.

Non pode haber perdón sen: Verdade, sen Xustiza e sen Reparación.



Telmo Comesaña



igualdade e benestar



Tereixa Novo Arrojo

Mestra

Moitas son as preguntas que nos podemos facer a hora de falar de igualdade e benestar. Que entendemos por igualdade?, estamos a referirnos á igualdade entre o 50% da sociedade e o outro 50%?, e dicir, a igualdade entre homes e mulleres?. Ese dereito co que se enche tanto a boca, á hora de falar dos moitos logros conseguidos e do moito que cambiaron as cousas. Mais a realidade é teimuda e ponnos fronte a fronte ao vivir de cada día das mulleres do noso País, porque vou falar de nós, da situación das mulleres galegas de hoxe, do moito que temos que facer para avanzar de verdade.

A sociedade está composta de mulleres e homes, persoas que “con” dignidade sexan quen de viviren xuntos e xuntas, respectándose na diferenza.


Dende sempre as mulleres fomos educadas para quedarmos na casa, para atender a familia, para “parir fillos para o ceo”, inda que nós estiveramos permanentemente no inferno, para quedármolos sempre no ámbito do privado, minusvalorándose o noso traballo, desprezándonos e mesmo asasinándonos se intentabamos saír dese cárcere que para moitas é a casa; e non porque non queiramos a nosa parella, aos nosos fillos e fillas, a nosa familia; non, non é ese o caso, se non por non termos a posibilidade e elixir, porque ese era o papel que para nós estaba decidido e non había outra opción por moito que se desexara. Os tempos foron andando e o esforzo e traballo de moitas mulleres silandeiras, foinos incorporando ás aulas, ás universidades, á cultura, ao mundo do traballo remunerado,... pero ao chegarmos á casa estaba todo sen facer e eramos tamén nós (mulleres), e sempre nós, as que a conta do noso corpo, do noso tempo de durmir, da nosa saúde as máis das veces, faciamos as cousas. E todo estaba no seu sitio: a casa arranxada, os nenos/as coitados, as persoas maiores atendi-





das. É o que se deu en chamar as duplas e triplas xornadas das mulleres. O noso traballo nunca era recoñecido, nin o que se facía na casa ou no rural traballando de sol a sol, nin o remunerado (en precario). Facendo iso que agora se chama conciliación da vida laboral e familiar, iso foi o que fixemos sempre as mulleres: conciliar. Ou a que se lle chama senón conciliar?.

Conciliar teñen que ser medidas laborais que permitan a “homes” e mulleres ter un traballo digno e que ámbolos dous teñan tempo suficiente para compartir e repartir as tarefas da casa e do coidado de nenos e nenas, e de persoas maiores ou dependentes. Máis isto non será posíbel sen dous elementos fundamentais: a coresponsabilidade dos homes nas tarefas do coidado; non “axudando” nas tarefas do fogar, non; coresponsabilizándose, que quer dicir compartindo responsabilidades da vida en común. E a implicación activa das administracións públicas fornecendo a sociedade de suficientes prazas públicas de “galescolas” e digo “galescolas” moi conscientemente, non se necesitan prazas de “garderías”, non, teñen que ser prazas de escolas infantís que coiden ao tempo que educan e que ademais o fagan en galego, (nunha palabra GALESCOLAS) idioma que permitirá ás crianzas medrar nun país orgulloso de seu, que transmite con normalidade de xeración en xeración o seu rico “acervo cultural”, só así criaremos nenos e nenas respectuo-





sos co seu.... e co dos demais, integrados e solidarios. Máis non quero perder o fío do que estaba a dicir; necesítanse prazas públicas suficientes de centros de día de residenciais, así como servizos a domicilio que cuns prezos accesíbeis faciliten a vida ás persoas (transporte, comidas, ocio, cultura), en definitiva unha rede pública de servizos sociais, que garanta unha calidade de vida digna para todos e todas. Se a isto engadimos que sexamos quen de eliminar as taxas de paro feminino, moi superior a dos homes, os menores salarios e a maior precarización das condicións laborais das mulleres, e conseguirmos o acceso en igualdade de condicións aos postos de responsabilidade e de toma de decisións, das empresas, dos organismos públicos, dos gobernos, da representación política; se ademais logramos remover todos os elementos de opresión que nos levan á violencia contra as mulleres, e sobre todo se imos facendo que as mulleres sexamos cada vez máis conscientes do que leva implícito ser muller, estaremos real-

mente camiñando... cara a eliminación das desigualdades que sufrimos as mulleres, polo simple feito de sermos mulleres; estaremos na dirección correcta da igualdade e dunha calidade de vida (benestar) para todos e todas.

Pero a realidade é ben outra: eliminaron as Galescolas,... queren eliminar o galego,... privatizaron os servizos sociais,... segue aumentando o paro,... o feminino tamén, as condicións laborais cada vez son máis precarias... as mulleres seguen sendo asasina-
das, seguimos fóra das tomas de decisións importantes, nun mundo que segue a ser totalmente masculino.

Pero cada vez somos máis, e máis conscientes da situación das mulleres, tamén das galegas. Esa é a nosa grande forza, o tempo xoga no noso favor, inda que sexa tarde para moitas.

Tereixa Novo Arrojo
Compostela, marzo 2010



sociedade e saúde



Tereixa López Albardonedo

Enfermeira

A saúde é un proceso dinámico que ten como centro a persoa, con todo o que esta implica. Está demostrado que o grao de coñecementos, o estatus económico, a clase social e outros factores inflúen decisivamente na súa esperanza de vida, no seu nivel de saúde e na evolución das enfermidades que poida padecer.

O primeiro problema que encontramos á hora de falar de saúde é a propia concepción que temos dela. Sempre que falamos de saúde acabamos falando de enfermidade. Os medios de comunicación, os poderes públicos e mesmo os cidadáns temos un gran problema inicial respecto da saúde: só nos interesa cando a perdemos. Até ese momento a saúde non conta ou non existe. Estar sans non vende. E pagamos un seguro para que nos curen, non para mantermos sans. Cando enfermamos preséntase outro problema:

a consideración do corpo como unha suma de órganos e partes que deben ser tratados polo médico especialista illadamente. O otorrino queda cos oídos, o neurólogo fica co cerebro, ao traumatólogo dámoslle a columna... A fibromialxia non a quere ninguén, aínda que llela teñan adxudicado aos reumatólogos.

De inicio somos unha máquina biolóxica perfecta, somos un laboratorio ambulante capaz de producir de todo sen danar o noso entorno. Un individuo san é un exemplo de equilibrio biolóxico perfecto. Agora ben, para mantermos neste estado de saúde, temos que cumprir unhas especificacións: respirar, hidrarnos e nutrirnos correctamente, descansar adecuadamente, manter un equilibrio emocional, facer algo de exercicio físico, etc. Se non mantemos este equilibrio, que é outro modo de falar de saúde, enfermamos e é entón cando queremos que alguén ou algo (o medicamento milagreiro, a poder ser) nos cure. Parécenos o mais normal do mundo cambiarlle o aceite ao coche cando o precisa, sen demora, pero non bebemos suficiente auga porque non temos sede ou non tomamos verduras, a pesar de que necesitamos as vitaminas que conteñen, simplemente porque non nos gustan. Non educamos o gusto





dos nosos fillos, aínda que sabermos que unha carencia alimentaria provoca enfermidades perfectamente constatábeis. É que o meu fillo só come pizza, salchichas, hamburguesas e patacas fritadas. Se asumimos esta conduta alimentaria resignadamente, temos de aceptar un futuro máis ou menos inmediato de hipertensión, síndrome metabólica, problemas cardiovasculares, diabete, etc.

De quen é a responsabilidade sobre a saúde? En primeiro lugar, de nós mesmos. Cando non temos problemas económicos, cando estamos equilibrados emocionalmente, cando durmimos e nos nutrimos correctamente, que estraño: estamos sans! Pero nin somos conscientes deste estado, nin o valoramos se é que si o somos. Vivir é un proceso de aprendizaxe constante. Igual que aprendemos a conducir ou a convivir ou aprendemos a desempeñar un traballo e para facelo temos que poñerlle interese, dedicación e esforzo, tamén temos que aprender a manternos sans; e igual que avaliamos o estado da nosa conta corrente e corriximos os desvíos ou erros, nosos ou doutros, para evitar os números vermellos, con-

servar a saúde esixe observar o noso modo de vida, as nosas condutas alimentarias, emocionais, de relación cos demais... Ver o que facemos correctamente para non enfermarse.

Como isto nos pide un esforzo de conciencia do que facemos ben e mal, preferimos deteriorarnos até enfermarse en lugar de coidarnos e, unha vez enfermos, delegar noutros a responsabilidade do noso benestar.

Ó primeiro o corpo envía sinais de alarma: estamos esgotados, pouco vitais, durmimos mal, temos malas dixestións, estreñimento, dóenos a cabeza ou respiramos mal ou presentamos calquera outro síntoma leve. A isto respondemos tomando algún fármaco para silenciar este sinal de alarma. Con isto forzamos o corpo a continuar a traballar en precario. Curiosamente, se nos dan un croque no coche, levámolo a reparar canto antes, en lugar de ir coleccionando croques até que escacha a carrocería. Se se gastan as zapatillas non esperamos a estragar os discos, pero co corpo, que é o noso vehículo fundamental, non temos estes coidados.

Agora ben, a persoa que nos dá cita no taller non é a mesma que nos recolle o coche, nin a mesma que o arranca ou que nolo entrega finalmente reparado. Da mesma maneira, o médico diagnostica e pauta unha medicación, pero un diagnóstico, unha medicación e unha dieta ou unha rehabilitación non son iguais para un paciente dunha cidade ca do rural; para unha persoa nova ca para unha maior; para alguén sen estudos, sen familia ou sen recursos; simplemente, para alguén que non sabe cociñar ou non entende o que lle sucede, un tratamento ou unha dieta concretas, sen o adecuado asesoramento dos equipos multidisciplinares (enfermeiras, comadras, fisioterapeutas...) acaba sendo sinxelamente imposíbel. A medicación acaba sendo a única peza que incorporamos de toda a reparación e isto equivale a cambiar un faro roto para estamparnos de novo contra o muro, e volta a comezar.

A unha persoa que vai ao médico por malestar físico e sobrepeso, detéctalle un exceso de azucre. Antes de aplicar ningunha medida correctora ou indagar sobre os seus hábitos de vida, danlle unha medicación para corrixe o problema do azucre. Se o paciente regresa con un exceso de azucre maior no sangue, danlle outra medicación, pero non se incide sobre os seus modos de vida. Finalmente, acabarán inxectándolle insulina pero, se non corrixe os hábitos dietéticos, a enfermidade segue progresando e co tempo acabarán tratándose dos problemas coronarios, problemas renais, per-





da de visión, etc., cando se podía evitar que os malos hábitos alimentarios desembocasen nunha patoloxía. Se o paciente non coñece o proceso que padece, dificilmente pode contribuír a modificalo no día a día. Se está demostrado que a dieta ten unha incidencia absolutamente determinante na diabetes, por que o acento está posto sempre na medicación? A dieta e o exercicio físico non deberían ser elementos de tortura para o paciente. Ao diabético, por continuar co exemplo, prohibenlle comer azucre, pero ninguén lle di de que non pode botar cinco sacarinas no café ou que o xamón cocido tamén leva azucre ou que as galletas para diabéticos están elaboradas con frutosa, que tamén é un azucre. O diabético come estes alimentos convencido de que non lle fan dano, coma a cantidade que coma. E, obviamente, deixa de comer outros que están santizados para el. O resultado é unha dieta desequilibrada e non adecuada ao seu problema. Habería que explicarlle que cada alimento contén unha cantidade de azucre e que a cuestión está en saber combinar os alimentos tendo en conta o seu índice glicémico. Para facer isto ten que haber alguén que llo poida explicar, que lle faga un seguimento. Este traballo non é cometido do médico que, no sistema actual, carece de tempo para isto. Por outro lado, os coidados de saúde son cometido da enfermería. O que sucede hoxe por hoxe, a falta de persoal que asuma estes cometidos, é simplemente que se medica o paciente para paliar o seu exceso de azucre. Máis

nada. A súa enfermidade faise crónica e empeora o seu estado de saúde. Como é evidente, esta dinámica é extensiva a todos os procesos de saúde/enfermidade, non só á diabetes.

A maiores destes, temos outro problema que pasa desapercibido. As descubertas nos diferentes campos que afectan á saúde non son de inmediata aplicación na curación dos pacientes. Ese coñecemento unicamente se traduce en medicamentos.

A conclusión final de todo isto é que a saúde se transforma nun negocio que non é nin mais nin menos que a xestión da enfermidade. O paciente nesta mesma inercia é un suxeito pasivo do que lle sucede, en lugar dun actor responsábel da súa transformación.

As industrias farmacéuticas operan coa mesma lóxica empresarial ca o resto das grandes corporacións: o obxectivo é repartir beneficios. A diferenza –para nós— é que está en xogo a nosa saúde. No campo da saúde o negocio mais rendíbel é vender fármacos. Para iso é preciso que a enfermidade sexa crónica e que o paciente perciba o medicamento como a (única) solución. Unha gran parte dos recursos sanitarios, hoxe en día, están destinados precisamente á compra de medicamentos, moitos deles innecesarios. A solución non pasa por unha supresión dos medicamentos, senón por un uso racional e adecuado.

Se a enfermidade non fose un gran negocio, privatizárase a súa xestión?





Unha caixa galega ao servizo da economía do país



Alberto Souto Souto

Avogado

En xuño de 2009 aprobouse no Congreso dos Deputados o proceso para unha fonda reestruturación e ordenación das entidades financeiras no estado español. Tal e como acontece noutras cuestións de Estado relevantes, os dous partidos políticos estatais, o PSOE como sustento do actual Goberno, e o Partido Popular, partido da oposición que se erixe como alternativa, coincidiron e aprobaron conxuntamente a constitución do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), que conleva unha regulación e ordenación do sector financeiro dun xeito centralizado, malia que afectaría tanto á banca privada como ás caixas de aforro, relegando dese xeito a intervención das Comunidades Autónomas no que atinxe á tutela das caixas de aforro.

Baixo o pretexto de reforzar, perante a crise do sector financeiro, a solvencia económica das caixas de aforro, o principal obxectivo do FROB é situar as caixas de aforro na órbita do poder central, facilitando o deseño desde Madrid do futuro mapa das caixas de aforro, coutando a capacidade de que as nacións e pobos que compoñen o estado español, como é o caso de Galiza, exerzan o seu dereito a contar cun poder financeiro propio acaído ás necesidades dos seus sectores económicos, do seu tecido empresarial e produtivo.

O nacionalismo galego foi consciente desde o primeiro momento desa estratexia orientada non só ao control central, senón tamén concentración, privatización e deslocalización das caixas de aforro, isto é, desligazón do seu territorio e con iso a desvinculación co financiamento dos

proxectos económicos ligados ao desenvolvemento socioeconómico do país. Convén remarcar ese impulso e decisión inicial, cunha posición inequívoca e invariábel ao longo de todo o proceso, pois foi determinante no resultado final que hoxe coñecemos: a fusión das caixas galegas para seguir contándonos en Galiza cunha ferramenta fundamental para o financiamento e, xa que logo, desenvolvemento do tecido produtivo galego.

Lembremos que, ao tempo que se presentaba polo BNG, xa en setembro de 2009, a proposta legislativa para reforzar as competencias das institucións galegas sobre as caixas de aforro e para orientar a súa actividade crediticia dun xeito prioritario a apoiar os sectores estratéxicos da economía galega, o Goberno de Feijoo dubidaba e abaneaba na súa posición, ollando de esguello ao ditado do seu partido en Madrid, que partillaba a estratexia de centralización do sector financeiro e o seu marco regulador, o FROB. Durante máis de dous meses, apenas soubemos cal era a decisión do Goberno Galego, e foi no intre de ter que debaterse a devandita iniciativa legislativa cando se precipitaron as decisións, motivadas pola presión de ter que posicionarse ante a proposta formulada polo





nacionalismo galego, sensata e de país, que conectaba co sentir maioritario do pobo galego. E, polo tanto, a iniciativa nacionalista o percutor que disparou un proceso en Galiza de debate sobre o futuro das caixas galegas que, vén de culminarse, de momento, co anuncio da fusión de “Caixa Galicia” e “Caixanova”.

Malia terse superado ese primeiro envite sobre as caixas de aforro galegas, a culminación formal da súa fusión non pode ser o obxectivo final, senón que ha de contribuír para que, ao tempo que nace unha nova entidade financeira galega con máis musculatura, tamén xermole un novo modelo financeiro, moi alonxado do imperante guiado polo paradigma económico neoliberal ao longo dos últimos anos, e cos seus alicerces nunha maior intervención desde os poderes públicos das entidades financeiras co gallo de asegurar que a política de créditos vai destinada a financiar investimentos produtivos que crean emprego para as maiorías sociais e non meramente especulativos en exclusivo beneficio de minorías elitistas.

O modelo de sector financeiro encetado nos anos 90 asentouse nunha desligazón das entidades dos poderes públicos democráticos, afondando na súa autonomía e autorregulación separada dos gobernos que deciden a política económica xeral. A evolución recente do sector financeiro, co estoupido da crise financeira actual, puxo de manifesto as eivas dese modelo,

que conduciu a excesos e abusos por parte das entidades financeiras, sendo necesario retornar a un sistema onde prevaleza o control e intervención para evitar que se produza un colapso como o que estamos a vivir.

Por outra banda, a intervención pública no sector financeiro, non só é desexábel, senón necesaria para garantir que cumpra co seu papel de canalizar aforro e investimento aos sectores produtivos e non a operacións especulativas que ocasionan perdas a medio e longo prazo que deixan unha fonda fenda social.

A reforma da lei de caixas de Galiza, aprobada en decembro de 2009 polo Parlamento Galego, pretende sobre todo garantir que as caixas de aforro cumpran acaidamente a súa función económico-social. As caixas de aforro galegas son vitais para o desenvolvemento da economía galega, teñen unha vinculación co territorio no que se asentaron e constitúen o principal instrumento financiador dos sectores económicos estratéxicos. A devandita Lei obriga a reforzar a coordinación da política crediticia e de investimentos das caixas: dado que unha parte importante dos depósitos das galegas e galegos se atopan nas súas mans, está xustificada a intervención desde os poderes públicos galegos para promover e coordinar unha estratexia que permita facilitar o financiamento aos sectores produtivos galegos, ás empresas que producen e crean valor en Galiza.

Logo de ter superado a primeiro chanzo clave cara a reestruturación das caixas de aforro galegas, non



pode demorarse a aplicación do novo modelo que se desprende do marco xurídico da vixente Lei de caixas de aforro, con vistas a que contribúan a mellorar o nivel socioeconómico de Galiza. Apenas temos avanzado de contarmos cunha entidade financeira galega se a súa estratexia é semellante á da banca comercial convencional, senón que ha de levar adiante un modelo diferenciado, que teña como preferencia subministrar o financiamento necesario a todos os proxectos de empresas e emprendedores que sirvan para estimular a economía galega, e non simplemente o análise custe-beneficio baixo parámetros de obter altos rendementos a curto prazo.

O actual Goberno Galego ten a responsabilidade de aplicar a nova norma legal sobre caixas de aforro, para que desde o comezo da andaina da nova caixa de aforros galega cumpra acaidamente, non só un papel como entidade financeira ao uso, senón exerza a vocación de ser o nutrinte esencial para o crecemento da economía e o emprego en Galiza. Á contra da ambigüidade e indecisión amosada inicialmente cando xurdiu o debate sobre a fusión das caixas de aforro en Galiza, nestes intres, cómpre afanarse en tutelar e supervisar o proceso de fusión e marcha, para garantir que o mesmo non se

guía exclusivamente por criterios economicistas e mesmo se faga a custa dunha desvinculación do financiamento e participación das caixas de aforro galegas nas empresas estratéxicas do país, senón que han de terse sobre todo en consideración as repercusións que no tecido económico galego poden ocasionar e as consecuencias que terán para o futuro desenvolvemento económico do país.

Non se remata a tarefa con ter comparecido cos actuais dirixentes das caixas de aforro. Non abonda con terse fotografado conxuntamente para declarar culminado con éxito a supervivencia do noso modelo financeiro. Está en xogo defender un modelo de sector financeiro propio, configurado por nós mesmos consonte as necesidades de Galiza, que son as dos empresarios/as, emprendedores/as, traballadores/as no seu conxunto, non os intereses dos directivos ou determinados grupos de presión representados nas caixas, en suma, garantir no futuro a supervivencia dun modelo de caixas de aforro galegas e a súa implicación no desenvolvemento socioeconómico de Galiza. Ese é o camiño que fica por recorrer, que esixe da tutela dos poderes públicos galegos, nomeadamente a Xunta de Galiza, e non unha retirada a un segundo plano, como a que comeza a aplicar o Presidente Feijoo e o seu equipo, contravindo así o espírito que presidiu a aprobación da actual Lei de caixas de Galiza.



o aproveitamento do noso mar, pesca de baixura e marisqueo



Joám Luís Ferreiro Caramês.

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela.

Primero temos que situarnos. Galiza é un país practicamente á metade de latitude norte (de $41^{\circ} 50'$ a $43^{\circ} 50'$), no extremo occidental de Europa, de algo menos de 30.000 Km , pero cunha ampla costa de case 1.200 quilómetros de lonxitude por mor das rías, pódese dicir que temos todo tipo de costa, rochas, area, costa exposta ou tranquila. A nosa posición xeográfica, que polo réxime de ventos dominantes provoca a presenza dunha cantidade de nutrientes excepcionalmente alta, xunto aos factores antes comentados, fai posíbel ter non só, unha gran biodiversidade, senón

tamén unha capacidade produtiva excepcional que se dá en moi poucos lugares no mundo. Isto é algo que os galegos e as galegas sabemos e vimos aproveitando desde a presenza dos primeiros humanos no noso territorio.

Desde os primeiros apañadores de mexillóns estras até os barcos de grande altura que chegan a calquera parte do mundo, pódese dicir dos mariñeiros galegos (aproveitando unha sentenza escrita en Coímbra en "Portugal dos pequenitos") *que se mais mares houbera alá chegaran*. Pero agora imos falar do que temos mais preto, o aproveitamento das nosas rías e a nosa costa en xeral.

O poboamento nun territorio calquera non se distribúe ao azar, senón que a densidade da poboación vai



Redeira



ser maior alí onde tamén hai maiores recursos, desde sempre a pesca foi fundamental para a supervivencia na costa, converténdose algunhas especies como a sardiña, debido á súa abundancia, nun recurso alimenticio básico, tanto así que cando algunha temporada a sardiña escaseaba producíanse épocas de fame e miseria.

Hai crónicas abondosas que relatan a evolución da pesca de baixura no noso país, incluso a caza de baleas, a chegada dos cataláns co comezo da industria conserveira e a exploración cada vez máis intensa dos nosos mares, a evolución das diferentes artes, desde o xeito ao arrastre, nasas, miños, betas, trasmallos, cerco..., a variedade é case tanta como tipos de especies son obxectivo de captura, e como os tipos de fondo onde se utilizan, non hai que recorrer ás crónicas senón simplemente á memoria dos vellos, de cando aínda o peixe secado no verán sacaba moita fame no inverno cando non se podía saír ao mar e non había outras cousas para comer.

Pero estamos xa no século XXI, temos tecnoloxía abondo para poder planificar e desenvolver unha pesca sustentábel, que nos permita aumentar o rendemento sen esquilmar os nosos recursos, e que continúe a ser unha fonte de emprego e riqueza fundamental para todas as comarcas costeiras e ao final tamén para todo o país, xa que Galicia é un dos pobos que máis dependencia ten do mar en toda Europa, é fácil de ver e comprendelo, construción de embarcacións de todo tipo, aparellos de pesca e marisqueo, investigación, venda, elaboración, transporte e comercialización dos produtos do mar moven unha parte moi importante da nosa economía que sobrepasa con moito as zonas estritamente costeiras.

No marisqueo ocorre outro tanto, somos os primeiros produtores de marisco de todo o Estado, fomos pioneiros en acuicultura co establecemento de bateas para o cultivo de mexillón co que tivemos unha posición predominante no mercado mundial aínda que agora a estamos a perder polo establecemento de bateas noutros países. Hoxe aprovéitase todo o marisco, especies que non se apañaban ou que até non hai moito se usaban para estercar as terras, hoxe son *delicatessen* en moitos mercados, e o noso marisco é apreciado pola súa calidade. Hai unha particularidade no marisqueo, que así como na pesca é escasa aínda que cada vez máis frecuente a presenza de mulleres aquí ocorre o contrario, sendo as mulleres maioritarias con moitísima diferenza fronte á presenza dos homes, incluso no que se realiza a flote desde as embarcacións hai tamén unha cota de mulleres importante. O marisqueo sufriu unha transformación aínda máis grande se cabe que a pesca no século pasado, pasando de ser unha actividade case marxinal, de apoio á economía familiar, a ser unha actividade económica con entidade suficiente como para poder producir uns salarios dignos para as persoas que desempeñan estes labores, pasamos da simple extracción ao semicultivo, de bateas que a mediados do século pasado cando se empezaron a usar só tiñan mexillón a agora que se aproveitan para varias especies, estamos comezando coa extracción das algas, e hoxe até se comercializan as actinias. Queda aínda moito camiño por percorrer, camiño que non é complicado, mais necesita non do interese das mariscadoras (sobradamente probado), senón da implicación das administracións, logo falaremos diso.

Como antes dicía, estamos xa no século XXI, estamos a mellorar a situación da pesca e o marisqueo?, estase a facer todo o que se pode e debe para non só manter, senón mellorar este sector tan importante para a nosa economía e o porvir do noso país?, imos analízalo un pouco:



Mañóns, Boiro.



- A entrada de España na UE causoulle a Galiza graves danos na súa estrutura económica, sendo o sector pesqueiro un dos mais danados, por un lado desde España, nin se ve nin se comprende este mundo, e ademais utilizouse como moeda de cambio para obter contrapartidas noutros sectores, os cartos que chegaron de Europa non se investiron en mellorar o sector, senón en desmantelalo, coa convivencia e apoio do Goberno galego, chegándose a situacións esperpénticas pero reais, na negociación dos TAC (total amisible de capturas) pesqueiros para o ano 2010 acudiu en representación das comunidades autónomas españolas Castilla e León (...) informando despois da cota establecida para a nova especie "vaca ladilla", sería para rir se non fose tan serio, pero ilustra claramente o interese do Goberno español e a inexistente presión que fai a Administración galega para nos defender.

- Ditamínanse normas sobre construción de embarcacións e motores que non teñen nada que ver coa realidade da nosa costa e o noso mar, nin co tipo de traballo que aquí se desenvolve, poñendo límites á potencia nos motores que fan correr serio risco da vida das persoas que realizan o seu traballo, como xa ocorreu por desgraza máis dunha vez.

- Seguen a ser de xurisdición estatal moitos portos e augas de pesca, así como ocorre no litoral, no que se solapan a Administración central e autonómica, nos que para facer un simple movemento de area nunha praia para realizar unha rexeneración pérdense meses en trámites e licenzas

O IEO (Instituto Español de Oceanografía) que con dúas instalacións en Galiza segue a depender do Estado co que isto significa en canto a planificación, deseño de campañas e investigación. Temos o IIM (Instituto de Investigacións Mariñas) que depende do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas), e ademais outros centros dependentes da Xunta.

- Sendo o principal produtor de marisco de todo o Estado, somos tamén os que teñen as augas costeiras de peor calidade (zonas B e C), por non estar construídas as depuradoras de



Mariscadoras de berberecho.

augas residuais en practicamente ningunha cidade (cousa que non acontece no resto do Estado), creando un grave problema para o marisqueiro, xa que o marisco de zonas C non se pode comercializar (e non son poucos os bancos marisqueiros afectados).

- Temos unha estrutura organizativa, no mundo do mar, fundamentalmente as confrarías, que deixan moito que desexar en canto a democracia interna e capacidade de participación, e cunha estrutura territorial que non se corresponde coa realidade, provincial, en vez de ser zonas de traballo, por exemplo a ría de Arousa sendo un espazo de traballo único está dividida entre dúas federacións provinciais.

- Ante unha produción marisqueira tan ampla que ás veces necesita de semente, non hai unha política de deseño e promoción de produción de semente propia, véndose obrigado o sector a comprala fóra, co perigo de importar parasitos ou outras especies alleas que poden ser perigosas.

- En xeral a política no sector nestes anos é unha continua diminución no número de persoas que se dedican a este traballo, tanto mariñeiros como mariscadoras, menos barcos e menos permex, e a receita




que se leva aplicando no sector como solución a todos os males.

- As importacións de peixe e marisco que se pon á venda na nosa comunidade, con baixos prezos e peor calidade, compiten en desigualdade cos nosos produtos, como ben saben especialmente os bateeiros.
- Quedan aínda moitas cousas como a política de salvamento mariño, seguridade no mar, titulacións pesqueiras, pero que en xeral desde unha administración autonómica "abducida" por España, que a pesar de chamarse galega non traballa para este país, así leva ocorrendo desde que existe, incluídos os catro anos do PSOE que foron máis do mesmo, non se lle dá resposta ás necesidades do sector. Se aínda existe pesca artesanal en Galiza é grazas ao esforzo e interese da xente do mar que non se rende a pesar das dificultades.

Temos que defender os nosos sectores produtivos, e a pesca e marisqueo é un dos máis importantes, queremos que este país teña futuro, e para iso temos que ter claro ante todo que só unha política pesqueira deseñada desde Galiza, por galegos e galegas, coa participación do sector e feita para este país, podería conseguir unha explotación sustentábel dos nosos recursos, que diversifique e adecúe o esforzo á capacidade real, que comece como prioridade por recuperar as nosas zonas produtivas, só esta política pode garantir o futuro, un mar san e produtivo, un oficio digno e con salarios dignos.

O litoral tense que administrar desde aquí, eliminar duplicidades. A investigación mariña ten que estar deseñada desde Galiza, en función dos



San Tomé, Cambados.

intereses do noso país. Necesitamos unhas rías saneadas cun apoio claro ao marisqueo, formación, asesoramento, mecanización, *Hatcheries* (centros de produción de semente)... Temos que participar nós nas negociacións en Bruxelas, como país dependente da pesca que somos e ademais porque somos os que máis temos que gañar ou perder. Temos que legislar para o sector, de cara a el, non de costas. Hai que deixar de dicir que o problema da pesca e o marisqueo é a esquilma producida polos mariñeiros (sobre todo porque a degradación do medio producida pola contaminación, recheos e desfeitas de toda caste, non é responsabilidade do sector) e que se amaña co desmantelamento e a redución de permex, amáñase coa recuperación de bancos e caladoiros, formación, cambios nas artes, optimización do esforzo, diversificación de especies..., en calquera caso xestionando mellor o recurso que non ten porque implicar redución de frota nin de mariscadoras.

Non podemos renunciar ao noso mar, temos moito futuro por diante, pero somos nós os que temos que xestionalo para seguir a dar riqueza, aquí, polos corenta e tantos graos de latitude norte, neste sitio chamado Galiza.



Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa.



ferrolterra: a longa loita polo dereito a producir



Manuel Rodríguez Doval

Membro da Executiva Comarcal do BNG de Ferrolterra

Pasaron xá máis de 25 anos de aplicación dunha política de reestruturación permanente do sector naval exercida polos sucesivos gobernos centrais – ligada claramente á integración do Estado Español dentro da hoxe denominada UE – nos que Ferrolterra foi sometida a unha diminución xeralizada da capacidade de produción e, finalmente, a unha redistribución da capacidade de producir a nivel do estado; que fixo recaer en Galiza e nesta comarca unha parte desproporcionada da redución no ámbito cuantitativo e, especialmente, no ámbito cualitativo, como foi a prohibición do acceso á construción naval civil.



En troques dunha política compensatoria, o goberno central optou – coa complicidade das forzas políticas e sindicais de ámbito estatal, e dalgúns sectores do ámbito comarcal – por unha política narcotizante, consistente no abandono da acción política de reindustrialización e fuxindo de calquera orientación do proceso por parte das administracións públicas -central e autonómica- mesmo que fosen éstas as que tivesen articulado instrumentos como a ZUR, ZID, ZPE e, máis recentemente o denominado

Plan Ferrol. Curiosamente, este último parte do fracaso “dos diversos plans para o fomento empresarial na comarca”, mais reitera os mesmos vicios anteriores; centrando os sectores de futuro nada máis e nada menos que na biomasa, acuicultura e nos biocombustíbeis; definindo o eólico como motor da economía comarcal e relegando ao naval da comarca como *un sector de soporte...*

Na práctica, fica abandonada a responsabilidade das administracións neste proceso, reiterando o recurso ás axudas instrumentadas baixo a figura de créditos brandos que teñen que ser devoltos no seu prazo; quedando o financiamento de proxectos empresariais como unha parte menor das actuacións. **O exemplo – do pasado exercicio de 2009 – é ben claro: das axudas para a “reindustrialización”, 51.21 millóns de euros son en créditos, e só 2,52 millóns de euros foron para subvención a proxectos.** A maiores, a tendencia descendente dos fondos para Ferrolterra é clara: do 4,4% que éstes significaban no orzamento do IGAPE en 2008, pasaron ao 2% no ano 2009 e finalmente sitúanse no presente exercicio só nun 1,6%; moi lonxe de indicadores como o PIB, poboación ou mesmo do índice do paro.

Neste longo periodo de tempo, no que os cantos de serea emitidos por boca do entramado *político-sindical-empresarial* tentaban xustificar o desmantelamento do naval en nome de que o sector tendía pouco menos que á desaparición, desde o nacionalismo afirmabamos que **DEFENDER ASTANO É DEFENDER A COMARCA**, e sabiamos do que estabamos a falar: da necesidade de non renunciarmos a un sector que constitúe – aínda hoxe co veto imposto – un dos piares básicos da actividade económica da nosa comarca.

Non era difícil albiscar xá daquela o que foi axiña realidade: un transporte marítimo que acadaba nestes anos máximos históricos, entre outras cousas porque non existe nen existirá en moito tempo alternativa viábel, nen técnica nen economicamente. Así, desde o



ano 88 asistimos a un auxe na construción naval mundial que, segundo recentes datos do Ministerio de Industria, manteríase practicamente no horizonte do 2015-2020. **E mentras ¿que pasa coa antiga ASTANO ?**

Primeiro foi a *inhabilitación* para a construción naval convencional, deixando só a posibilidade de construción de aparellos *off-shore* e uns reaxustes laborais que reduciron a plantilla de 6500 a 1000 traballadores. No 2004 consúmase outra fase, ao asinárense os acordos entre a empresa, os sindicatos CCOO-UGT e a UE, polos que a antiga ASTANO ficaba vetada á construción civil ata o ano 2015, e operando na práctica como un taller da factoría de Ferrol exclusivamente no campo da construción militar. A resultas deste proceso, a factoría de Perló pasou dos 1000 traballadores á plantilla actual de aproximadamente 360 persoas.



Foi esta unha fase na que a reclamación do naval como estratéxica desaparece das prioridades das organizacións de ámbito estatal, ata que a acción do BNG no goberno galego sitúa por primeira vez a recuperación do naval na ría de Ferrol como unha prioridade. Da interlocución da anterior Consellería de Industria nacionalista co goberno central e coa UE fica en evidencia o transfondo político da decisión adoptada no seu día cos nosos estaleiros, e tamén a negativa do goberno do estado a revisala. Pero tamén, a necesidade de implicar á sociedade comarcal como un elemento activo na reclamación do naval como un dos piares da economía comarcal e, concretamente, no levantamento do veto imposto á antiga ASTANO.

De aí xurde a iniciativa Rumbo 21: aberta e plural na súa composición, pero concreta nos seus obxectivos de situar o sector naval civil como estratéxico para a creación de postos de traballo; nunha comarca que acumula xá máis de 17.000 persoas paradas, milleiros de mozas e mozos emigrados e unha progresiva e preocupante perda de poboación. Nun escenario como éste, manter as potencialidades – únicas, sen dúbida – que ofrece a antiga ASTANO impedidas do dereito a producir, xustamente nun mercado que presenta claras e evidentes posibilidades de futuro, sería como renunciarmos ao noso futuro e, fundamentalmente, ao das vindeiras xeracións. E iso foi o que avalaron as máis de 18.000 sinaturas de apoio á Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) que Rumbo 21 levou ao Parlamento Galego.

Mais tamén o levantamento do veto ten moito a ver coa necesidade de que a sociedade comarcal actúe como vixía do cumprimento dos compromisos institucionais. Concretamente, do asumido no Congreso dos Deputados – resultado en grande parte dun traballo intenso, consciente e mesmo teimoso levado polo BNG – polo Presidente do Goberno Español no sentido de aproveitar a presidencia de turno da UE para negociar o levantamento do veto; máis aínda ao fío da actual situación de crise e o elevadísimo índice de paro existente na nosa comarca.



E dese traballo de concienciación social – feito cunha inusitada belixerancia por parte de CCOO e UGT contra da convocatoria – xurdía a mobilización do pasado 27 de Marzo. Á importancia cuantitativa desta mobilización – a máis numerosa en defensa do naval nos últimos seis anos - habería que engadirlle a cualitativa, no



sentido de situar de novo na axenda política e social a necesidade dun sector naval de futuro, libre de vetos, como unha posibilidade real ao desmantelamento industrial que vive Ferrolterra desde hai máis dun cuarto de século.

Proba desta nova situación son as contradicións dos membros do goberno español, xunto co comisario da competencia, Sr. Almunia: mentras que o Ministro de Industria nega o compromiso de Zapatero de negociar o tema baixo a presidencia española da UE, o Sr. Almunia nega que recibise petición algunha para negociación algunha....Algo similar ao que acontece no debate da ILP no Parlamento Galego, onde logo

de teren aceptado a tramitación da proposta por unanimidade; PSOE e PP néganse agora a aprobar o condicto. A explicación é ben sinxela: nen PP nen PSOE acreditan, na práctica, no sector naval como un sector estratéxico e de futuro e, no fondo, fuxen de remexer no levantamento dun veto no que, por activa ou por pasiva, foron cómplices.

Á sociedade comarcal e, sen dúbida ao BNG, quédalles aínda traballo na defensa do dereito a producir; con ou sen presidencia española da UE. Non facelo sería un acto de irresponsabilidade co presente pero, sobor de todo, de negación do noso futuro. A Ferrolterra fíxoselle xá renunciar a moitas cousas, pero o futuro é irrenunciábel.





a lei eólica do partido popular



Mª Carmen Brun Vázquez

Licenciada en Xeografía e Historia

1. Os antecedentes. A política eólica do BNG na Xunta de Galicia.

Un novo episodio da andaina de desmantelamento da política enerxética desenvolvida no período 2005-2009 tivo o seu colofón coa aprobación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. No período citado, entre os principais obxectivos da Consellaría de Innovación e Industria, dirixida polo Bloque Nacionalista Galego, atopábase que Galiza destacase no desenvolvemento da enerxía eólica baixo tres parámetros:

1. A enerxía eólica tiña que actuar como un **vector de crecemento económico** e servir de factor detonante da posta en marcha de importantes investimentos asociados e a consecuente creación de emprego.
2. Debía supor **progreso social**, non unicamente para os promotores dos proxectos senón **para o conxunto da cidadanía galega**. Por medio da participación do sector público no capital dos promotores de novos parques, a sociedade galega no seu conxunto podía beneficiarse de maneira directa dos rendementos xerados por estas instalacións.
3. Tiña que ser **exemplar no plano ambiental** e respectuosa cos valores ambientais até o punto de non ocupar espazos de especial protección ambiental.

Asemade buscouse que o desenvolvemento eólico non se concentrase nun reducido número

de promotores senón que existise unha maior participación de promotores con capacidade técnica e económica cumpridamente acreditada. Aquí as empresas galegas estaban chamadas a ter un importante papel, demostrando a súa plena capacidade e iniciativa en condicións de igualdade coas empresas de fóra, tan protexidas e privilexiadas en detrimento das galegas durante a era Fraga, situación de desigualdade que se reproduce novamente co Partido Popular de volta no goberno da Xunta de Galicia.

Un dos principais fitos da política enerxética desenvolvida polo BNG á fronte da Consellaría de Innovación e Industria (CII) foi a posta en marcha dun proceso de admisión a trámite de solicitudes de parques eólicos, para a instalación de 2.325 MW. Un procedemento desenvolvido con pleno respecto aos principios de igualdade, transparencia e obxectividade que deben rexer este tipo de procedementos. Precisamente por tales características e pola posibilidade da participación pública nos proxectos dos parques, o coloquialmente coñecido como “concurso eólico” converteuse en obxectivo daquelas opcións políticas, grupíños mediáticos e grandes empresas enerxéticas que non queren ver Galiza como centro de toma de decisións senón como simple escenario onde se desenvolven políticas de subordinación, trazadas e decididas en instancias foráneas, das que os populares son incansábeis seguidores, ao son do guión ditado por titulares de prensa, artigos de opinión e faladoiros de grupos de comunicación afíns.

2. Unha Lei fraudulenta

Toda a Lei eólica do Partido Popular devén unha auténtica falacia ao se fundamentar sobre unha mentira de tremendas consecuencias. En efecto a Lei 8/2009 comeza cunha imprecisión semántica e sintáctica referida ao Decreto regulador da enerxía eólica, aprobado por proposta do entón conselleiro nacionalista de Innovación e Industria:

“... a través do Decreto 242/2007, do 13 de decembro (...) se garante a participación do sector público no capital social do proxecto”.



San Tomé, O Valadouro.



Cun lixeiro matiz terxiversaron a declaración contida na exposición de motivos do Decreto 242/2007 que na súa redacción real declara que ***por medio*** da participación do sector público no capital social das empresas ***se garantirá*** que a sociedade galega no seu conxunto se poida beneficiar de maneira indirecta dos rendementos xerados por estas instalacións.

Polo tanto, a participación pública no capital social das empresas era a **garantía inequívoca dese retorno dos beneficios xerados pola explotación dos parques eólicos a prol do propio país**. E este era o obxectivo. Agora dáselle a volta para dicir que o Decreto 242/2007 era garantía da participación do sector público formulando esta participación como un fin en si mesmo. Unha intenciónada terxiversación co único fin de vestir unha actuación política cando menos cuestionábel en termos de seguranza xurídica.

O cambio normativo do PP, segundo eles explican na exposición de motivos da Lei, baséase nunha tacha de legalidade sobre a participación

pública contida no ditame do Consello Consultivo de Galicia emitido antes da aprobación do Decreto 242/2007. Pero a verdade non é esa: a tacha de legalidade era sobre a redacción do artigo 9.2 contida no proxecto de decreto enviado a consideración do CCG pero non á redacción definitivamente dada ao texto pola Consellaría de Innovación e Industria, no que se introduciron as necesarias modificacións para remediar as tachas consideradas polo órgano consultivo. Polo tanto, **o Consello Consultivo nunca suxeriu unha tacha de legalidade sobre o texto aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 13 de decembro de 2007** que foi aprobado conforme o seu ditame.

Afirman, no texto da Lei, que o procedemento anterior está incurso nunha manifesta incerteza xurídica. Pero o de “manifesta incerteza xurídica” sabemos que é unha montaxe do Partido Popular coa inestimábel colaboración dun poder mediático e empresarial sobradamente coñecido. Non houbo ningún elemento que permita afirmar que existe “manifesta incerteza xurídica” entre outros motivos porque **o propio Partido Popular impediu a resolución dos recursos interpostos tanto en vía administrativa como en vía xudi-**



cial, plenamente sabedor de que non existiu no coñecido como “concurso eólico” ningún indicio de irregularidade que lles permitise anulalo.

A realidade é que logo de proclamar durante a sucia campaña electoral de febreiro de 2009 que o concurso eólico estaba sumido nun mar de irregularidades, facendo ostentación dunha lamentábel capacidade para formular xuízos apriorísticos, unha vez no goberno e constatada a existencia dun procedemento ordenado, instruído e resolto con plenas garantías, dedicáronse a montar a gran mentira da “revisión do procedemento” para tratar de adecuar a solución adoptada (a suspensión e a desestimación) a unhas premisas absolutamente falsas, superando os límites que conformaban anteriormente o marco ético de funcionamento da Administración como organización sometida plenamente á Lei e ao Dereito, e que se debe rexer por principios como o de obxectividade, igualdade e non discriminación.

3. Unha visión xeral da Lei

O que vén significar a Lei 8/2009 en termos concretos deducímolo en contraposición aos tres parámetros axiais que antes sinalabamos para a política eólica desenvolvida polo BNG á fronte da Consellaría de Innovación e Industria.

En primeiro lugar a enerxía eólica deixa de ser vector de crecemento económico impulsor doutras iniciativas investidoras creadoras de emprego, e volve ser unha actividade *per se*, sen vinculación ningunha a un necesario desenvolvemento económico do país, nomeadamente das comarcas onde os parques se implantan. Asemade, recupérase o recurso á expropiación forzosa dos terreos necesarios para a execución dos parques eólicos e volven ser factíbeis procesos expropiatorios masivos que poñan a disposición das empresas eléctricas terreos de particulares ou de comunidades de montes en man común. Lembremos como o Decreto 242/2007, establecía mecanismos que lles permitían aos propietarios dos terreos manter a titularidade destes mediante o establecemento de fórmu-





las que vinculaban a produción da instalación eólica coas rendas derivadas das fórmulas de translación ou cesión de uso ou aproveitamento, tales como arrendamentos, censos ou superficie, entre outras.

Fronte a unha política eólica desenvolvida co obxectivo de acadar **progreso social para o conxunto da cidadanía galega**, a través da participación do sector público no capital dos promotores de novos parques, atopamos o canon e o Fondo de Compensación Ambiental, este último con inequívocos trazos de se converter nun elemento discrecional ao servizo de políticas opacas.

Por que considera o PP que debía retirarse a participación pública? A razón atopámola no propio texto da Lei: *"Implica compartir decisións en decenas de Consellos de Administración alleos á Administración autonómica, en definitiva, ser socio e intervir en estratexias empresariais privadas."* Para eles, un pecado: atenta contra *"unha escrupulosa observancia e respecto da liberalización do sector"*, un axioma neoliberal contraposto á participación pública concibida como a capacidade dun goberno para tomar partido nas decisións de empresas que operan nun sector estratéxico para calquera país: o sector enerxético.

Finalmente, para o nacionalismo a instalación de parques eólicos en Galiza tiña que ser exemplar no plano ambiental. Agora vemos como se produce unha perda importante de garantías ambientais, a propia concepción do canon como elemento de compensación ambiental preséntase como reparación fronte ao dano ambiental; isto significa que o pagamento do canon permite a impunidad absoluta fronte á execución de proxectos sen garantía ambiental ningunha. Se ben certas emendas propostas polo grupo parlamentario do BNG atenuaron esa perda de garantías, recuperando a exclusión dos espazos de especial protección dos valores naturais, con excepción dos proxectos de repotenciación, a relaxación das esixencias ambientais que si se recollían no Decreto 242/2007 poden sintetizarse en dous puntos:

A Lei non prevé a obriga de todos os parques eólicos seren sometidos a unha avaliación de im-

pacto ambiental. Isto significa que haberá parques instalados sen se teren avaliados os seus efectos ambientais e, xa que logo, sen o establecemento daquelas medidas correctoras e protectoras necesarias antes do inicio das obras, durante a construción do parque e ao longo de toda a vida útil da instalación, é dicir no período de explotación. Esta cuestión ten aínda maior gravidade no caso dos proxectos de repotenciación dos parques instalados no período 1995-2005 na Rede Natura, e que a Lei do Partido Popular vai permitir desenvolver sen avaliación de impacto ambiental.

A Lei non obriga á remoción das instalacións e á restauración dos terreos que ocupe ao seu estado orixinal unha vez finalizada a actividade de produción de enerxía eléctrica. Elimínase en consonancia a regulación específica do depósito dunha fianza en materia ambiental, mantida durante toda a vida da instalación con previsión de actualización anual, que garantise os labores de remoción e restauración e se limita a facer unha remisión á norma xenérica na materia.

En síntese, a Lei 8/2009, do 22 de decembro, reconduce Galiza ao seu papel tradicional de subordinación como simple subministradora de enerxía eléctrica, sen un desenvolvemento socioeconómico paralelo pero obrigada a pagar o prezo dos custos ambientais e sociais, vinculados estes aos procesos expropiatorios, e devolve as empresas galegas ao seu rol secundario fronte aos intereses das foráneas, nomeadamente as grandes corporacións enerxéticas, coa consecuente eiva de toda posibilidade de desenvolvemento dun tecido industrial e tecnolóxico propio vinculado ao sector da enerxía eólica.





Aspas negras na economía

Como co(i)nfluiron a crise económica e o parón do eólico na metalurxia galega



Ana de Larriva

Xornalista e colaboradora de Marusía

Asuma de dúas forzas negativas nunca pode dar a nada porque o cero absoluto contradí as leis da termodinámica. E porque, segundo as regras de adición matemáticas, resultará nunha **forza aínda** máis negativa. O parón brusco que experimentou o sector eólico no país e a crise económica colisionaron, facendo tambalear as empresas dedicadas á metalurxia. Dez anos de traballo dedicado nunha firma dese eido danlle a Bernabé Noya unha perspectiva do que está a acontecer. Cando se viu obrigado a pasar dous meses sachando na horta, enviado ao paro para rotar os postos de traballo cos seus compañeiros, convenceuse de que a situación “estaba realmente mal”.

Bernabé traballa para unha empresa de metalurxia no Polígono da Grela que constrúe torres eólicas e máis estruturas para naves, palacios de congresos, estacións de tren -a última delas enviárona a Bélxica... Porén o sector eólico era o que máis tiraba da carga laboral. O case centear de persoas que desenvolvían as tres quendas (mañá, tarde e noite) quedou reducido a 15, que teñen que rotarse para ir ao paro de cando en cando e poder así traballar todos. “Eu xa estiven case dous meses na casa. Conto con que calquera día me toque outra vez, pero hai que facelo por solidariedade cos compañeiros”, expresa. E o medo constante segue aí: a empresa pediu un ERE que remata o 22 de xullo, e agardan que solicite entón outro.

A meirande parte das fábricas que traballaban só para o sector eólico fabricando as palas, as hélices, as casacas, motores... pecharon. “O que se move e do que xa hai feito e almacenado, pero non se efectúan novos pedidos”. Outras empresas readaptáronse a novas activi-

dades e xuntáronse ás que fabrican todo tipo de estruturas. “Nós traballamos tamén para outros países, como Bélxica, Arxelia...”. Aínda así, a carga de traballo é mínima e a situación abrangue todo o mundo metalúrxico. “Non lle vai mellor a ninguén. Se non hai traballo no eido das estruturas, mandan aos empregados ao paro”.

A orixe deste problema é unha mestura entre o cese de actividade provocado no sector eólico galego e máis a crise que azouta a economía mundial. “Seguramente unha cousa axuda á outra. O eólico tiña moita actividade e claro, ao parar de golpe, houbo que remodela-las naves para dedicalas a outras funcións. Ademais, non había tantos pedidos como para recolocar a plantilla. Con 51 anos, eu téñoo difícil. Agora, se perdo o traballo, serame complicado achar outro. Ademais, ao rotarnos, imos gastando do paro. Así, se un día nos botan á rúa quedamos sen traballo e mais sen cobrar o desemprego. Sen nada”.





Apontamentos sobre a crise económica



Bernardo Valdês Paços

Professor do departamento de economía aplicada
(Universidade Santiago de Compostela)

As referências à crise económica convertéron-se num lugar comum no nosso dia a dia. A existência dumha crise, durante longo tempo objecto de discussom, é hoje umha realidade que ninguém discute, embora já se comece a falar do seu fim.

Os **principais** meios de comunicaçom tentárom transmitir que esta crise está causada pola irresponsabilidade dalguns “especuladores”, sem embargo as suas origens som mais profundas. Esta crise vem mostrar os limites do regime de acumulaçom que surge da contra-revoluçom conservadora de finais dos setenta, começos

dos oitenta: liberalizaçom dos fluxos financeiros e comerciais, dos investimentos directos, e do mercado laboral. Umha configuraçom específica do imperialismo que se deu em chamar *globalizaçom* ou *mundializaçom*. Um processo liderado Estados da Triade (EUA, UE e Japom), com o primeiro no comando, mas no que os Estados asiáticos, especialmente a China, jogam na actualidade um papel de destaque.

Vamos botar umha olhada sobre algumas das principais características do modelo de acumulaçom que estão detrás da crise:

Incremento da taxa de exploraçom.

Trás a crise dos setenta, a recuperaçom dos lucros empresariais desde começos dos oitenta veu da mao dumha diminuiçom da parte do PIB destinada a remunerar aos assalariados. Som muitos analistas que comparárom esta crise com a do 29, embora existam





notáveis diferenças entre a economia mundial daquele momento e a actual, também achamos semelhanças. O que fora presidente da Reserva Federal dos Estados Unidos, Marriner Stoddard Eccles, afirmara depois do crack do 29:

Se a riqueza nacional tivesse sido mais bem repartida, isto é, se as empresas se tivessem contentado com lucros menos elevados, se as classes mais ricas tivessem auferido rendimentos mais baixos e os agregados familiares mais modestos remunerações mais elevadas, a estabilidade da nossa economia teria sido maior.

Ao que acrescentou:

Se, por exemplo, os seis mil milhões de dólares investidos pelas empresas e pelas grandes fortunas na especulação bolsista tivessem sido aplicados numa política de redistribuição baseada na descida dos preços ou em aumentos salariais, com a consequente diminuição dos lucros das empresas e dos mais ricos, teria sido possível impedir ou pelo menos atenuar, em grande medida, o colapso económico desencadeado em 1929.

Este incremento da taxa de exploração tem umha explicação evidentemente sócio-política, umha modificação da correlação de forças a favor do capital em contra do mundo do trabalho: políticas liberais, reformas dos mercados laborais, temporalidade, precariedade,... levá-rom a recuperação das taxas de lucro em prejuízo dos rendimentos do trabalho. A própria queda do socialismo real, o processo de internacionalização das empresas, a abertura comercial exterior e a integração de China na economia mundial favorecerom **esta** câmbio, ao igual que na UE a integração dos países do Leste.

Esta contra-ofensiva do capital também se pujo de manifesto nas privatizações que abrirom novas possibilidades de valorização, de obtenção de lucros, ao capital.

Endividamento

Sem embargo, a pesar dessa redução do peso dos rendimentos do trabalho a percentagem do

consumo privado no PIB nom se deteriorou, na UE manteve-se estável e nos EUA mesmo sofreu um forte incremento. Por detrás desta evolução está o crescimento do consumo dos mais ricos mas também o crescente endividamento, especialmente nos EUA mas também nalguns Estados da UE como pode ser o caso do EE.

Estancamento do investimento produtivo

A recuperação dos lucros nom foi acompanhada, sem embargo, dumha recuperação da mesma magnitude da taxa de acumulação, dos investimentos reais, dos investimentos produtivos. Estes lucros nom investidos na esfera produtiva dirigírom-se fundamentalmente cara à esfera financeira na procura de valorização.

Produziu-se umha hipertrofia da esfera financeira, os fluxos financeiros multiplicárom-se a escala internacional, os intercâmbios nos distintos mercados financeiros medrárom a ritmos muito mais elevados que a economia real. Este capital-dinheiro concentra-se em grandes bancos, companhias de seguros, fun-



Santiago de Compostela



dos de pensons, fondos mútuos, fondos de cobertura (hedge funds),... que procuram valorizar o seu capital a taxas elevadas, acaparando umha parte crescente do mais-valor criado.

A desregulamentação financeira, as inovações neste âmbito e as práticas cada vez máis opacas figérom possível que o valor dos activos financeiros se multiplicasse. Este crescimento da boia financeira, ao igual que o do valor dos activos imobiliários, foi um crescimento em grande parte sem contrapartida real, um crescimento "fitício". Sem embargo o facto de que o património financeiro (acções, bonos,...) e o património imobiliário cresçam a ritmos muito superiores aos do patrimonio real tem os seus limites que se evidenciam no momento em que o património virtual tenta plasmar-se na esfera do real.

Quando falamos de globalização tendemos a pôr num primeiro plano o papel das grandes empresas transnacionais, dos fluxos financeiros, da liberalização comercial,... sem embargo em muitas ocasiões fica num segundo plano o papel dos governos, e em realidade isso que conhecemos como globalização nom se poderia explicar sem ter em conta o papel jogado polos governos. Poderíamos falar do processo de privatizações, das sucessivas reformas laborais, do desmantelamento do *Estado do Bem-Estar*, da liberalização do comércio internacional (xurdimento na Organização Mundial do Comércio),...

Da mesma forma a hegemonia do capital-dinheiro à que nos referimos anteriormente foi possível pola decisóns políticas de distintos

governos, entre eles os da EU. A desregulamentação dos mercados financeiros, patrocinada inicialmente por Reagan e Thatcher, foi abraçada com entusiasmo por parte da UE com a assinatura do Acto Único (1986) e o conhecido como *Informe Delors* de 1989.

A subida das taxas de juro e o incremento da morosidade nos Estados Unidos; coincidindo com a explosão da boia imobiliária que pujo fim ao *efeito riqueza*, fórom os detonantes dumha crise que rapidamente se estendeu dumha entidade a outra e passou dum Estado a outro polas ligações geradas, e transmitiu-se à esfera real.

O EE é no âmbito da UE um dos mais afectados o que nom deve surpreender-nos se temos em conta as características da economia espanhola: boia imobiliária e boom da construção; forte endividamento; precariedade laboral; crescentes desigualdades; crescente déficit comercial exterior; elevado endividamento exterior.

Até o momento a crise longe de pôr-se em causa o modelo de acumulação neoliberal está servindo para aprofundar nas suas características essenciais. Estamos vendo como a factura das aventuras financeiras é assumida polo Estado, é dizer, pola maioria da população. Para isto foi necessário recorrer a gigantescas emissões de dívida pública evidenciando, mais umha vez, que o gasto público e o endividamento som admissíveis quando se trata de agir na defesa dos interesses do capital.

Quer aproveitar-se o incremento do desemprego, com a redução do poder de negociação da classe trabalhadora que isto pode supor para novas reformas (no mercado laboral, no sistema público de pensons, nos serviços públicos,...) que permitam recuperar a taxa de lucro aumentado a taxa de exploração. Na Galiza Feijoo vai aplicando a sua folha de ruta marcada polos avanços na privatização dos serviços públicos, os recortes nas medidas de apoio a sectores económicos fundamentais na nossa economia (p.ex. o agrário) e os favores a determinados grupos da oligarquia económica.

A questom agora é a forma de sair da crise, bem a favor das classes populares bem a favor do grande capital. Este é um partido que se joga no terreno político.

Lugo, Abril de 2010.



Manifestacións en Grecia, 2010.



Réquiem

Ana de Larriva

Xornalista e colaboradora de Marusía

A vida é un fluxo. Unha marea constante que vai bailando entre milleiros de portos nos que as vivencias se encadean. Hai lembranzas que fican penduradas na memoria, como gravadas a lume. A voz do compañeiro Suso é unha delas, dándolle son á historia dunha terra, un pobo e unha fala. Nin rosar un laído foi a banda sonora daquel Volkswagen vello no que na miña infancia recorriamos as terras galegas. O cuco cantaba na carballeira mentres detrás de cada home ouveaba un lobo naquel vello cassette coa etiqueta xa medio despegada.

Foi a antítese do Paco Pixiñas, un heroe, por iso o seu réquiem berra: “A nosa Terra todo che debe”. Dez anos se foron xa dende que nos deixou Suso Vaamonde, o 16 de febreiro do ano 2000. Viviu con sangue loitador para espir a nosa terra, vestida de aldraxe, e libertala. Naceu en 1949 en provincia de caciques, en Ponte Caldelas e na súa laboureira de cantautor e, sobre todo, galego, defendeu os tres compoñentes esenciais da nación, tanto en Voces Ceibes como na súa traxectoria en solitario: o pobo, a terra e a fala. *Galiza somos nós, a xente e máis a fala. Se buscas a Galiza en ti tes que atopala*. Tiña unha voz inconfundíbel, inesquecible, e as súas cancións seguen bruando de cando en cando na terra. Se o



irmán Daniel acadou na súa música o lugar que merece na cultura galega, o nome de Suso ten tamén que situarse como o que foi: un dos piares contemporáneos da nosa identidade.



Vaamonde foi un expoñente de Galicia dentro e tamén fóra dela. Tamén coñeceu o vento da emigración, forzado pola inxustiza, para evitar o que un lustro despois sería: o primeiro preso político da democracia. No ano **1979, o cantautor agregou unha estrofa a un dos seus temas máis coñecidos, o “Uah!”**. Para expresar o seu sentimento de rabia contra a opresión do estado español berrou: **“Cando me falan de España, sempre teño unha disputa, que se España é miña nai, eu son un fillo de puta.**

Foi acusado de inxurias á **Patria** con publicidade e condeárono a seis anos na cadea. Suso optou por se exiliar. Viaxou por Europa e, despois, marchou para Venezuela e afincouse en Caracas. Voltou á terra logo de catro anos e, aínda así, pasou máis dun mes no cárcere ourensán até que se revisou a súa causa. Voltou porque Galicia o precisaba. *Voltade á nosa terra que a nosa patria berra hai tanto que arranxar*. O “becho” –como el lle chamaba– do cancro levouno novo, hai unha década, mais atopouno en pé, como viviu, combatendo, *sen rosar nin un laído*.

Suso Vaamonde, Sala de Faubourg, Xenebra.

